

PROXECTO ABALAR

Resolución do 5 de marzo de 2012. DOG nº 55

10/04/2012

C.E.I.P. O PIÑEIRIÑO

Vilagarcía de Arousa

1. INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTEXTO NO CENTRO.
2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE DO PROXECTO ABALAR.
3. MODELO ORGANIZATIVO PREVISTO.
 - 3.1. En relación ao profesorado.
 - 3.1.1. Obxectivos.
 - 3.1.2. Formación.
 - 3.1.3. Metodoloxía.
 - 3.2. En relación ao alumnado.
 - 3.1.1. Obxectivos.
 - 3.1.2. Formación.
 - 3.1.3. Metodoloxía.
 - 3.3. En relación ás familias.
 - 3.1.1. Obxectivos.
 - 3.1.2. Formación.
 - 3.1.3. Metodoloxía.
4. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO.
 - 4.1. Traballo na aula de informática.
 - 4.2. Traballo nas aulas.
 - 4.3. Biblioteca.
 - 4.4. Páxina web do colexio.
 - 4.5. Blogues.
 - 4.6. Espazo Abalar.
5. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE E OUTRAS RELACIONADAS COAS TIC.
6. RECURSOS MATERIAIS (AUDIOVISUAIS E INFORMÁTICOS). PLANIFICACIÓN DO SEU USO.
7. TIPO DE CONEXIÓN Á REDE.
8. DESCRICIÓN DAS TOMAS ELÉCTRICAS E DE DATOS.
9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INTERNA.
10. OUTRA INFORMACIÓN.

1. INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTEXTO NO CENTRO.

O CEIP O Piñeiriño é un centro de Educación Infantil e Primaria que se atopa no concello de Vilagarcía de Arousa, no barrio do mesmo nome e que acolle nenos e nenas tanto da zona urbana como da suburbana.

No presente curso 2011/2012, o centro ten unha matrícula de mais de trescentos alumnos/as distribuídos en dezaioito unidades:

- 4º Educación Infantil: 2 unidades con 40 alumnos/as.
- 5º Educación Infantil: 2 unidades de 38 alumnos/as.
- 6º Educación Infantil; 2 unidades de 47 alumnos/as
- 1º Educación Primaria: 2 unidades de 42 alumnos/as.
- 2º Educación Primaria: 2 unidades de 52 alumnos/as.
- 3º Educación Primaria: 2 unidades de 46 alumnos/as.
- 4º Educación Primaria: 2 unidades de 40 alumnos/as.
- 5º Educación Primaria: 2 unidades de 30 alumnos/as.
- 6º Educación Primaria: 2 unidades de 38 alumnos/as.

O centro ten xornada única, conta co servizo de transporte escolar e oferta actividades extraescolares polas tardes (de 16:30 a 18:30), que están organizadas pola asociación de nais e pais “O Piñeiro”. Así mesmo, tódalas tardes está aberta a biblioteca, cun mestre de garda.

Durante este curso, estamos acollidos aos seguintes plans:

- **Contrato-programa**, con dúas liñas de actuación. Por unha banda, reforzo, orientación e apoio para os alumnos de 3º ,4º, 5º e 6º e, por outra, unha decidida actuación para a mellora da lectura e a escritura para 2º de primaria.
- **Plan de mellora de bibliotecas escolares.**
- **Programa Voz-Natura.**

Ademáis destes plans, chamémoslle oficiais, funcionan outros proxectos dende hai anos e que se recollen na PXA: programa de actuacións medioambientais, de coidado do colexio, obradoiros de lectura e de aprender a pensar, intercambios deportivos, ...

O equipo docente do centro está formado por:

- Oito mestras de Educación Infantil.
- Doce mestres e mestras titores de Educación Primaria.
- Dúas mestras de inglés.
- Dous mestres de Educación Física.
- Unha mestra de Educación plástica e musical.
- Dúas mestras de relixión, unha delas non ten o seu centro base con nós.
- Unha mestra de Pedagogía Terapéutica.
- Dous mestres de AL, unha delas compartida con algunhas unitarias da zona .
- Un orientador.
- Unha mestra para impartir os contratos-programa.

Dende o centro, sempre se buscou a innovación e a participación en todos aqueles proxectos e actividades que poidan redundar nun beneficio para o noso alumnado. Co tempo algúns van mudando e axustándose a novas necesidades ou en función das avaliacións que realizamos en claustro cada trimestre.

Ao longo destes anos centro está ou estivo inmerso en diversos plans e proxectos:

- **Actividades medioambientais:** Dende a participación en Voz Natura ata actividades internas que tratan de que os nenos e nenas interioricen o valor da natureza, coidando o colexio, coidando os animais que temos e tratando de que plantas e animais formen parte do cotiá.

- **Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares:** dende a primeira convocatoria o centro está acollido a este plan, o que permitiu comezar a informatización dos fondos bibliográficos (MEIGA), dotarnos de maiores fondos, colocar dous postos informáticos para o alumnado e dous para os bibliotecarios, así como un proxector e unha pantalla de proxección. Dende o equipo de biblioteca, moitas veces en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística, parten as actividades de animación á lectura, visitas de persoeiros interesantes, obradoiros, etc.

- **Plan Valora 2007-2009:** Estivemos acollidos ao Plan Valora Igualdade. Unha vez rematado oficialmente, o centro continuou dous anos máis realizando actividades e obradoiros, que tentaron implicar ás familias, a prol da igualdade, tendo como centro de actuación as tarefas domésticas.

- **Plan de Inmersión Lingüística:** durante dous cursos, o alumnado de 6º participou no Plan de Inmersión Lingüística, presentando un traballo sobre a importancia da auga, e para o cal se utilizaron as TIC, facendo presentacións, grabando videos e con algunha actividade interactiva axeitada.

- **PROA:** Durante cinco cursos, e agora cos Contratos-programa, o centro sempre apostou por poder ofertar ao alumnado e as súas familias aquelas axudas posibles e orientadas á mellora do rendemento escolar.

- **Intercambios deportivos:** con varios centros educativos de Educación Primaria de Vilagarcía. Levamos máis de doce anos realizando unha actividade de convivencia e deporte baseada na máxima de "Todos xogamos con todos" con periodicidade quincenal. A filosofía dos intercambios é o disfrute e a non competición entre os centros, por eso os equipos están formados por nenos e nenas de tódolos colexios. Participan os rapaces e rapazas de 2º e 3º ciclo de primaria. No ano 2003 esta iniciativa mereceu un recoñecemento público da Asociación Galega de Deporte para Todos (AGDPT) recibindo en Ferrol o **Premio á Promoción dos Valores do Deporte para Todos**.

- **Proxecto TIC:** Ao longo do curso 2009/2010 estivemos implicados no Proxecto TIC, no que traballou o 80 % do profesorado. Froito dese traballo foron os materiais dos que se nutre a sección da web “creamos contidos dixitais”, así como a modernización e aumento do material informático co que conta o centro.

- **XADE:** Todo o profesorado ten acceso apropiado ao Xade para poñer notas, faltas de asistencia, xerar informes e consultar información, dende hai varios anos. Fíxose unha formación interna para que esto fose posible e coñecesen unha importante ferramenta para as tarefas administrativas.

Neste momento, no que a **Rede Abalar** está asentada en moitos centros, consideramos prioritario incorporarnos a ela xa que, aínda que a formación nunca remata, a necesidade e a propia práctica docente diaria nos está a pedir a mellora dos medios cos que contamos.

2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE DO PROXECTO ABALAR.

Xa hai dez anos, Bates (1) escribiu e resumiu as razón polas que se xustificaban a integración das TIC no ensino:

- **Por imperativo tecnolóxico:** estamos rodeados de ordenadores, móbiles, tablets, ebooks, consolas,... a escola non podes abstraerse desa realidade.

- **Para responder ás esixencias da sociedade:** a alfabetización tecnolóxica resulta imprescindible tanto para a vida cotiá como para a vida laboral.

- **Para ampliar o acceso á educación e á formación:** Neste novo contexto social é preciso aprender a aprender e aprender ao longo de toda a vida. Isto sería bastante complicado dende os formatos tradicionais de ensino, pero as TIC representan a resposta, xa que permiten a adaptación as diferentes situación, sen limitacións espacio-temporais.

- **Para mellorar a relación entre costes e eficacia no ensino:** a relación costes-beneficios non será inmediata, xa que se require inversión, pero a longo prazo permite unha mellor adaptación ás diferentes características do alumnado e unha reorganización do tempo do profesorado, aspectos que redundarán na mellora da calidade do ensino-aprendizaxe.

- **Para favorecer a calidade da aprendizaxe:** relacionado co apartado anterior, a introducción da TIC fai necesaria unha revisión profunda de tódolos compoñentes do proceso ensino-aprendizaxe para aproveitálas ao máximo. Ao mesmo tempo, requiren pór en funcionamento procesos cognitivos complexos: búsqueda, análise, síntese, interpretación, toma de decisións,... Isto non pode máis que favorecer a calidade da aprendizaxe.

Ademáis desta perspectiva xeral de xustificación, a Ley Orgánica da Educación (LOE, 2006) trouxo á nosa práctica educativa o concepto de “competencia básica”, como eixo vertebrador de cada unha das áreas curriculares.

As competencias básicas fan referencia á capacidade para resolver problemas ou situacións que a vida nos presenta nun contexto determinado. A vida, a sociedade, as situacións, cambian a unha velocidade pasmosa e nese cambio están presentes as TIC. Non queda outra que introducilas na vida escolar.

“As competencias básicas concretan o cambio que temos que facer na forma de dar clases, porque, actualmente o coñecemento está distribuído na rede e aprender esixe saber atopalo, relacionar, pensar e construír algo novo” (2)

Nós, como centro, non imos descubrir nin engadir nada novo a todas estas razóns. Só dicir que estamos a ver que os medios cos que contamos quedan escasos para as novas situacións e requirimentos no proceso ensino-aprendizaxe. A entrada na **Rede Abalar** nos permitiría aproveitar moito mellor os recursos que hoxe oferta a rede e incluso os que nos mesmo xeramos, xa que o acceso sería inmediato, sin ter que esperar quenda na aula de informática.

As experiencias coas que conta o centro en traballo por proxectos (houbo un grupo de traballo sobre este tema), a atención á diversidade necesaria, cando cada curso chegan alumnos estranxeiros ou alumnado con necesidade específica de apoio escolar, a experiencia en xeración de contidos (LIM, xogamos?, blog) ... son aspectos nos que as TIC nos levan axudado moito e ao estar na **Rede Abalar**, nos axudaría moito máis.

3. MODELO ORGANIZATIVO PREVISTO.

Aínda que o proxecto Abalar implique, nun primeiro momento, só a 5º da Educación Primaria, pretendemos que o espírito innovador se extenda a toda a comunidade educativa. Consideramos que éste non é un obxectivo difícil de acadar no relativo ao profesorado e ao alumnado; en canto ás familias, sabemos que nos atoparemos cos casos extremos: dende aqueles que utilizan as novas tecnoloxías a cotío ata aquelas que nin saben nin queren saber, e só teñen en conta os perigos que poden supor para os seus fillos. De tódolos xeitos, pensamos que con explicacións realistas e comprensibles, non poderán negar que é o mundo que lle toca vivir a eles e aos seus fillos.

3.1. En relación ao profesorado do centro:

3.1.2. Obxectivos:

- Coñecer e manexar o equipamento das aulas Abalar.
- Promover actividades encamiñadas a coñecer, utilizar e promocionar o software libre con solucións informáticas substitutivas das propietarias ou privativas (*OpenOffice* para as solucións ofimáticas, *Audacity* para a edición de son, *7Zip* para a compresión/descompresión de arquivos, *VLC media player* como reproductor de vídeos e sons, *GIMP* para o tratamento e edición de imaxes,...).
- Capacitar ao profesorado do centro no uso de ferramentas de autor para a creación de materiais educativos en formato dixital (LIM, Xogamos?,...)
- Empregar as TICs de xeito normalizado nas diferentes áreas e niveis educativos.
- Fomentar a autoformación e a formación entre iguais como metodoloxía de aprendizaxe.
- Adquirir a competencia técnica para actualizar e subir contidos á páxina web do colexio así como aos blogs.
- Solicitar a alta no servizo de Webs dinámicas da Consellería, nos módulos de **Drupal** (deixando unha ligazón á web vella para poder seguir consultando os recursos xa subidos) e **Moodle** (para a creación de aulas virtuais LMS).
- Integrar de xeito efectivo o Encerado Dixital Interactivo (EDI) dentro do traballo de clase.
- Desenvolver estratexias de investigación utilizando a rede (WebQuests e MiniQuests para os cursos superiores e Cazas do Tesouro para os máis novos).

- Facer uso das funcionalidades e recursos dispoñibles no portal Espazo Abalar.
- Introducir no sistema XADE os datos precisos para a articulación das funcionalidades do Espazo Abalar.
- Analizar e reflexionar sobre os cambios metodolóxicos que o emprego das TIC provoca no traballo nas aulas, procurando a implementación e valoración de novas estratexias de ensino-aprendizaxe: Traballo por proxectos.
- Coñecer que son e como funcionan as **redes sociais**. A súa utilidade na educación.
- Analizar e desenvolver boas prácticas educativas no emprego das TIC. (coñecer a valorar as experiencias doutros centros Abalar e as propias).

3.1.2. Formación do profesorado.

Para lograr os obxectivos formulados, a temática que se desenvolverá neste proxecto de formación e asesoramento no centro será a seguinte:

- **Presentación do equipamento das Aulas Abalar.**

A primeira acción necesaria será a presentación ao profesorado do equipamento co que vai traballar nas aulas Abalar, para que se familiaricen con el. Tentarase que esta presentación sexa para todo o profesorado do centro e non só para o implicado directamente na docencia de 5º de primaria. Nesta presentación, explicárase tamén o uso básico do EDI. Adicarémoslle especial atención ao software incluído no equipamento Abalar.

- **Webs dinámicas.**

Como xa dixemos, solicitaremos a alta no servizo de Webs dinámicas da Consellería, nos módulos de **Drupal** e **Moodle**.

En Drupal, iniciaremos a formación para poder ter en funcionamento unha nova web do centro máis actualizable, accesible, intuitiva, usable, que nos permita a todo o profesorado interesado poder agregar contidos dun xeito máis doado que na actualidade. Isto non implicaría a perda do traballo realizado na web actual, xa que se deixaría un acceso a todo este material.

Con Moodle pretendemos que o profesorado interesado poida abrir os seus propios cursos virtuais como apoio ao ensino presencial.

- Repositorio do espazo Abalar.

Mostraremos ao profesorado como acceder á Aplicación de Xestión de Recursos educativos do Espazo Abalar, para que coñeza os diferentes recursos dos que pode dispoñer, así como a posibilidade de subir as súas propias producións.

Formaremos ao profesorado implicado para a introducción no XADE dos datos precisos para a correcta articulación das funcionalidades do portal Espazo Abalar, das que xa funcionan e das que se vaian implementando

- Software libre.

Utilizaremos e promocionaremos o software libre con solucións informáticas substitutivas das propietarias ou privativas (*OpenOffice* para as solucións ofimáticas, *Audacity* para a edición de son, *7Zip* para a compresión/descompresión de arquivos, *VLC media player* como reproductor de vídeos e sons, *GIMP* para o tratamento e edición de imaxes,...).

Tamén trataremos detidamente as ferramentas libres incluídas no equipamento dos utraportátiles Abalar.

- Ferramentas de autor.

O centro conta xa con experiencia na creación e contidos educativos en formato dixital con diferentes ferramentas de autor: Lim, JClick, Hot Potatoes, Xogamos?,... Seguiremos por esta vía creando recursos propios axeitados aos contidos, aos proxectos traballados e ao alumnado. Estes contidos serán engadidos á Aplicación de xestión de recursos do espazo Abalar do servidor do centro e tamén compartidos con toda a Comunidade Educativa a través do procedemento aberto dentro do Espazo Abalar.

- Ferramentas colaborativas da web 2.0.

É interesante para o desenvolvemento de este proxecto a utilización con soltura de ferramentas colaborativas da web 2.0 como ferramentas de Google (docs, maps, earth, calendar, street view,...), edición de blogues, wikis, almacenamento e organización de imaxes con Picasa, Flickr,... presentación online de powerpoints, pdfs,...

Manteremos os blogues xa existentes actualizados e fomentaremos que a maior parte do profesorado do centro tome parte activa na xestión dos mesmos.

- Traballo por proxectos.

A máis longo prazo realizaremos actividades cun carácter máis formativo e constructivista como as webquests, miniquests, cazas do tesouro ou aquelas outras relacionadas co traballo por proxectos.

- Redes sociais.

Está claro que no podemos pretender crear unha realidade distinta nas escolas á que o alumnado ten nas súas casas: eles conéctanse a internet e usan (ou usarán en breve) as redes sociais (facebook, tuenti,...) polo que temos que ensinalles a facer un uso responsables, compromentendo ás familias, e así poder beneficiarnos do seu uso e minimizar os posibles riscos.

É preciso, pois, que nos tamén as coñezamos e poidamos facer un acompañamento dixital, para que fagan un uso axeitado delas.

Coas redes sociais ábrense moitas posibilidades no eido educativo. Poden ser unha ventaxa para o alumnado, xa que dun xeito doado e rápido foméntase o diálogo entre compañeiros, compartir recursos, favorecer a aprendizaxe colaborativa,... Poden converterse en canles de comunicación entre a escola, a sociedade e as familias.

3.1.3. Metodoloxía.

Tendo en conta que varios profesores do centro teñen formación en diversos aspectos incluídos neste proxecto, pensamos que a metodoloxía máis efectiva é a **formación entre iguais** de xeito que uns aportemos aos outros os coñecementos sobre unha ou outra ferramenta, recurso, implementación na aula,...

Con esta metodoloxía de formación entre iguais desenvolveranse sesións prácticas nas que en cada sesión un sexa o docente e transmita aos seus compañeiros as súas experiencias de boas prácticas no uso das TIC e o seu coñecemento no manexo de software específico e ferramentas de autor citadas anteriormente.

Traballaremos en pequenos grupos para a elaboración de materiais didácticos empregando as ferramentas de autor e as colaborativas.

Entre todos e todas analizaremos aqueles aspectos nos que poden quedar lagoas para que a docencia sexa impartida por alguén externo ao centro.

Nos aspectos máis complicados e/ou mecánicos, elaboraremos guías e titorías en papel e/ou formato dixital co programa WINK.

En todo momento reflexionaremos sobre os cambios metodolóxicos que o emprego das TIC provoca no traballo das aulas e sobre os problemas e dificultades da posta en marcha do proxecto Abalar na aula.

3.2. En relación ao alumnado:

3.2.1. Obxectivos:

- Ter acceso as TIC como instrumentos de formación, información, comunicación e creación.
- Desenvolver a Competencia para o tratamento da información e a Competencia dixital mediante a integración efectiva das TICs.
- Tomar conciencia da complexidade da rede e espertar a capacidade crítica diante dos contidos que ofrece, sendo quen de poñer en relación e contrastar diversas fontes, chegando á información fiable e relevante. Aprender a buscar a información.
- Utilizar con soltura actividades interactivas que reforcen e amplíen as aprendizaxes adquiridas nas diferentes áreas.
- Colaborar cos compañeiros e compañeiras na realización de actividades en grupo, desenvolvendo dinámicas de cooperación e respectando a diversidade nas formas de aprender e pensar.
- Coñecer as posibilidades de uso das redes sociais (personais, profesionais, colaborativas,...) e estar atentos aos riscos que se poden presentar (abuso, adicción, cyberbullying,...)

3.2.2. Formación do alumnado:

O alumnado que o vindeiro curso chega a 5º de Educación Primaria está moi familiarizado co uso das TIC. Dende Infantil acuden á aula de informática; están habituados a utilizar o ordenador e coñecen como se traballa con ODEs (obxecto dixital interactivo) e con ferramentas da web 2.0 (google maps, earth, blogue,...). Así mesmo, saben utilizar un procesador de textos, gardar arquivos, ... A maioría teñen ordenador na casa e acceso a internet.

Por estas razóns non cremos que haxa atrancos no uso dos ultraportátiles. Nos casos de falta de formación para o uso de ferramentas específicas de linux, organizaranse sesións de formación, apuntando á necesidade concreta. As necesidades que se vaian presentando farán que a formación e aprendizaxe de novas posibilidades e opcións do software vaia á par do traballo realizado. Teremos presente a formación e acompañamento dixital no uso das redes sociais.

É importante tamén que coñezan os contidos específicos que a web Espazo Abalar ten para o “Alumnado e Familias”.

Pensamos que o obxectivo final sexa o de chegar á normalidade no uso das TIC na aula e non como algo excepcional ou esporádico.

Tamén haberá que formalos no uso e coidado do material, organizando os repartos e recollida do material, insistindo na necesidade de atender a este aspecto.

3.2.3. Metodoloxía:

A metodoloxía ten que ser participativa e significativa, xa que o uso das TIC vai permitir respectar a iniciativa persoal, a autonomía e a creatividade, nun proceso de ensino-aprendizaxe na que o alumnado ten que ser activo e o profesorado actuar como guía do proceso.

A metodoloxía é realmente o eixo que máis debe cambiar, xa que as TIC o que permiten é unha mellor adaptación ás necesidades e intereses do alumnado, así como a atención á diversidade de todo tipo. A introducción das TIC na aula permite un aprendizaxe por descubrimento, aprender “facendo cousas”, fronte a un aprendizaxe “receptivo”.

O titor establecerá os momentos de uso do ordenador segundo a programación, como unha ferramenta mais dentro do proceso ensino-aprendizaxe, dándolle o protagonismo axeitado a cada situación.

3.3. En relación ás familias:

3.3.1. Obxectivos:

- Mellorar a comunicación coas familias a través dunha nova web de colexio máis dinámica e actualizable e dos blogs.
- Promover o coñecemento e utilización, por parte das familias, dos recursos e funcionalidades dispoñibles especificamente para eles no Espazo Abalar.

- Promover, a través da ANPA do centro, cursos de formación para nais e pais, no relativo ao uso das TIC.
- Coñecer as ventaxas e os riscos das redes sociais.

3.3.2. Formación:

- Reunións informativas sobre o Proxecto Abalar e a súa implantación no centro.
- Reunións informativas de presentación das funcionalidades tanto do Espazo Abalar como da páxina web do centro.
- Actividades formativas, en colaboración coa ANPA, en relación ao uso das ferramentas colaborativas e de internet, que tamén utilizan os seus fillos e fillas.
- Organización dunha charla sobre os usos e a seguridade en internet. Redes sociais.

3.3.3. Metodoloxía:

Reunións *ad hoc*, notas informativas e actualización das novas na web do centro.

4. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO.

4.1. Traballo na aula de informática:

Cada aula do colexio ten unha hora ao longo da semana para utilizar a aula de informática. Cada titor utiliza esta hora para diversas actividades:

- Búsqueda de información para completar traballos, proxectos ou temas das diferentes áreas curriculares.
- Actividades interactivas (LIM, jclíc, CDs educativos,...) de reforzo e ampliación relacionadas coas áreas curriculares, das que se atopan na rede ou das realizadas polo profesorado.
- Aprendizaxe do uso e manexo básico do ordenador: crear e gardar carpetas, uso do procesador de textos, do teclado,...
- Elaboración de contos, noticias, etc. para o blog "O Redactor dixital".
- O alumnado de Educación Infantil utiliza, para a maioría das súas actividades, o encerado dixital interactivo.

- Durante os recreos a aula de informática funciona tamén como un ciber baixo a supervisión dun mestre encargado. Dous mestres se turnan para esta labor. O Ciber-recreo pode ser utilizado libremente polos alumnos de Educación Primaria (cada curso ou cada dous teñen un día fixo á semana). Hai un profesor de garda. Os alumnos poden utilizar xogos lúdicos seleccionados para tal fin (e evitando aqueles que sexan catalogados de violentos ou sexistas), enciclopedias, programas de debuxo, procesadores de texto para traballos,... Non está permitido o uso de Internet se non é para un traballo escolar concreto e baixo a supervisión do mestre encargado.

- Nas horas non adxudicadas a ningún curso, o profesorado especialista, sobre todo o de inglés, pode acudir á aula de informática.

4.2. Traballo nas aulas:

Este curso instaláronse nas 4 aulas de 1º ciclo encerados dixitais interactivos coa súa dotación correspondente. Segundo a avaliación do profesorado, está a resultar interesante e motivador para o alumnado. Poden reforzar, apoiar e ampliar o traballo diario de aula con actividades complementarias e contidos actualizados. Ademais, a localización destas aulas no centro fai que a wi-fi funcione con certa uniformidade.

No resto de aulas, nas que contan cun só ordenador, úsase para buscar información sobre os contidos que se traballan na aula e para actividades de reforzo co alumnado de necesidade específica de apoio educativo.

As aulas de 3 e 4 anos son as que teñen os ordenadores máis obsoletos, polo que é obxectivo este curso dotalas de PCs modernos e con boas antenas wi-fi para poder aproveitar a instalación do centro.


A aula de inglés para o alumnado do 2º e 3º ciclos de primaria está dotada, dende este curso, cun EDI e o equipamento correspondente. Este material procede da Consellería, dentro do proxecto **Kits de Aula Digital** dentro do Proxecto Abalar. A aula ten, ademais, TV con video e DVD e aparato reproductor de son específico para o ensino de idiomas.

Tanto a aula de PT como a de AL contan con PCs con **pantalla táctil**. Estas pantallas facilitan a algúns dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais o uso máis doado do ordenador, máis intuitivo e directo que co rato.

Tentamos suplir as deficiencias cos carros multimedia móbiles por planta.



Aula de 1º de Educación Primaria



Ordenador con pantalla táctil- Aula de AL

4.3. Biblioteca:


Hai dous postos para o alumnado, con normas de uso ben claras; consultar enciclopedias ou buscar outra información, facer traballos ou navegar pola web do centro. Non se pode xogar, chatear, nin descargar e instalar software. Para o traballo específico de biblioteca se colocaron dous portátiles, un deles co MEIGA instalado. Na biblioteca hai ademáis proxector e pantalla de proxección.

4.4. Páxina web do colexio:

Fai xa varios anos fixemos un grupo de traballo para a elaboración da páxina web do centro, na que tentamos retratar o máis característico del.

Posteriormente, no curso 2009/2010 e ao abeiro do Proxecto TIC, engadimos unha nova sección: “Creamos contidos dixitais”, na que incluímos algunhas das actividades interactivas que iamos creando os profes. Nesta sección temos **actividades educativas en formato dixital** feitas por mestres do centro creadas con Hot Potatoes, Clic e JClic, LIM, Proxecto “Xogamos?”, Mapas, Powerpoints, Galerías de Imaxes, Fórmula 2.0, Eclipse Crossword, Web Quests, ... así como un repositorio de fichas descargables en formato .doc para as áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas.

Un dos nosos obxectivos sería continuar a enriquecer esta sección.



Web do centro

“Creamos contidos dixitais”

Exemplo de LIM

4.5. Blogues:

O primeiro blogue do centro foi “O Redactor Dixital”. Dende o curso 2003/04 o centro conta cun **blogue** feito por nenos e nenas: “*O redactor dixital*” (<http://redactor.blogspot.com>). Posiblemente un dos primeiros blogues en galego feitos por nenos e dende un colexio. O blogue creouse como unha canle de expresión dos traballos que facían na hora semanal na aula de informática. Nel os nenos e nenas facían de xornalistas e contaban todo o que lles pasaba polo maxín (unha nova de actualidade, contar un conto, falar do seu actor/actriz/cantante favorito, unha visita, unha entrevista, realizar debuxos, fotografías,...). O Equipo de Educación Infantil abriu, fai tres cursos, o blogue “As fabas máxicas” (<http://asfabasmxicas.blogspot.com.es>). Pretenden que sexa unha canle de comunicación coas familias, xa que nel van amosando os proxectos máis significativas que realizan e o día a día, ademais de incluír as súas propias actividades interactivas e outras ligazóns de interese para que as familias as poidan compartir cos seus fillos.

Hai dous cursos tamén se inaugurou un blogue para o alumnado que acudía ao Plan PROA e as súas familias (<http://planproapineirino.blogspot.com.es>), no que se pretendía dar información sobre o plan, e suxerir ligazóns para complementar e reforzar os traballos realizados.

A ANPA O Piñeiro tamén ten o seu propio blogue (<http://anpaopineiro.blogia.com>), no que complementan noticias e actividades do centro, publican noticias interesantes aparecidas en diversos medios de comunicación e as súas propias actividades.



“O Redactor Dixital”



“As fabas máxicas”



“Plan PROA Piñeirino”



“ANPA O Piñeiro”

4.6. Espazo Abalar:

Algúns dos recursos creados dende o centro están a ser incluídos no repositorio de contidos do Espazo Abalar, como é o caso da profesora de inglés Mila Barcala, a de PT Ana Isabel Álvarez ou o de educación física Xosé Antón Vicente.



“Numbers all Time”



Webquest: “Salvemos o monte”

5. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE E OUTRAS RELACIONADAS COAS TIC.

5.1. Formación da coordinadora:

A profesora proposta como responsable da coordinación do proxecto Abalar para o vindeiro curso 2012/2013 é a profesora de PT do centro e con destino definitivo no mesmo.

É a encargada das TIC no centro dende xaneiro de 2012. A súa formación e experiencia en canto a TIC é a seguinte:

Participación, coordinación ou docencia en accións formativas relacionadas coas TIC.

- PFAC: Iniciación á Informática: Aplicación na aula. Xullo, 2001. 50 horas.
- Curso Xade-centros. 2002. 15 horas.
- “Deseño de páxinas web”. Xaneiro, 2004. 30 horas.
- Grupo de Traballo: “Deseño da páxina web do CEIP O Piñeiriño”. Xuño, 2005. 50 horas.
- Encerado dixital (Smart Board): manexo e creación de materiais. 2005. 10 horas.
- “Aventuras na web. As webquest como modelo de traballo cooperativo en internet”. Maio, 2006. 40 horas.
- “Unha web con recursos”. Xuño, 2007. 50 horas.
- Xornada sobre o Plan Tic nos centros educativos. 2007. 8 horas.
- “Elaboración de materiais multimedia: uso educativo”. Xuño, 2008. 40 horas.
- “As tecnoloxías da información e da comunicación na atención educativa ao alumnado con necesidades específicas”. Xuño, 2008. 30 horas.
- “A suite Openoffice en galego, usos docente e didáctico”. Decembro. 2009. 35 horas.
- Proxecto de innovación para un uso educativo das tecnoloxías da información e a comunicación. 2009-2010. 20 horas.
- LIM e o proxectos Xogamos? Aplicación didáctica. 2010. 30 horas.
- Relatora no curso: “Uso de ordenadores para docentes. Introducción ao manexo de ordenadores (nivel I)” (Aplicacións básicas). Curso 2005-2006. 30 horas.
- Relatora no curso INFORMÁTICA BÁSICA. Curso 2006-2007. 25 horas.

Experiencia na coordinación de proxectos ou grupos de traballo.

- Coordinadora PFC: “PEC”. Corbillón. 1993-1994. 55 horas.
- Coordinadora seminario permanente “As necesidades educativas especiais”. 1993-1994. 60 horas.
- Coordinadora PF “Proxectos educativo e curricular do CP Corbillón”. 1994-1996. 100 horas.
- Coordinadora Seminario Permanente das Necesidades Educativas Especiais II. 1994-1995. 60 horas.
- Coordinadora do “Plan Valora 2007-2009”. Decembro, 2009. 25 horas.

Premios relacionados coa integración das TIC na aula.

- Accésit no I concurso de Premio Siega 2003: “Coidamos o colexio”.
- Premio á Innovación educativa sobre os temas transversais 2006: Webquest “O valor dos bosques. Os incendios forestais”.

Outra experiencia acreditable que se considere relevante en relación coa integración das TIC na aula.

- Formadora dos compañeiros e compañeiras do CEIP O Piñeiriño no uso do XADE.
- Encargada das TIC do centro dende xaneiro de 2012.

5.2. Formación do profesorado:

Todo o profesorado do centro conta con varios cursos de formación en TIC . Hai un sector importante do profesorado que, ademais dalgún cursiño, manifesta ter unha formación autodidacta, froito da curiosidade, a necesidade e o esforzo por mellorar e innovar.

Podemos dicir que para o 90% de nós, o emprego das TIC é habitual para a preparación das clases: facer fichas, buscar información sobre o temario,... así como para buscar información adicional e actividades interactivas para traballar co alumnado.

Este tanto por cen diminúe ata caseque o 50% de profesorado que habitualmente elabora materiais e recursos multimedia, aínda que é moito maior a porcentaxe dos que teñen algunha formación no uso de ferramentas de autor, sobre todo do LIM. O mesmo ocorre no

relativo aos blogs, xa que son só as mestras de Educación Infantil as que máis actualizan o blogue “as fabas máxicas”.

O intercambio de información entre o profesorado facémolo, maioritariamente, en formato dixital ou a través da rede e a maioría da información interna chega a nós por correo electrónico. Tamén, e dende fai varios anos, temos acceso ao XADE, para poñer as notas e as faltas, consultar información e xerar informes.

Salientar, neste apartado, a formación entre iguais, a axuda que nos prestamos entre nós ante as dúbidas e atrancos que xurden. Consideramos este xeito de aprender inmediato, produtivo e concreto, polo que será unha metodoloxía que utilizemos para continuar a nosa formación.

6. RECURSOS MATERIAIS (AUDIOVISUAIS E INFORMÁTICOS). PLANIFICACIÓN DO SEU USO.

6.1. Recursos materiais.

Para todo o centro:

- **Aula de informática:** 20 ordenadores para o alumnado e 2 para o profesorado. EDI, impresora cor e escáner.
- **Carros multimedia:** 3 carros, un cada andar, cun portátil, un proxector e altosfalantes.
- **Biblioteca:** 2 postos para o alumnado e 2 para os bibliotecarios, unha impresora en cor e conexión en rede coa fotocopiadora. Un e-reader e un pequeno tablet.
- **Sala de usos múltiples:** portátil, proxector, pantalla de proxección, altosfalantes, conexión a internet en dúas tomas de datos e wi-fi.
- **Wi-fi:** aínda que, en teoría, cubre todo o centro, o certo é que as últimas aulas de cada corredor teñen moi mala, por non dicir nula cobertura.
- **Centro de recursos:** un retroproxector, TV con DVD, 2 cámaras dixitais e 1 de vídeo dixital.
- **Cámara de documentos AverVision.**



Cámara de documentos.



Biblioteca.



Sala de profes.



Carro multimedia.

Na planta baixa:

- **Titoría de infantil:** un portátil, dúas impresoras para o profesorado, unha TV LCD con video e DVD e un EDI móbil para as catro aulas.
- **Despacho do Equipo Directivo:** 2 portátiles e un PC, impresora cor e conexión en rede coa fotocopidora, scanner.
- **Despacho de orientación:** un portátil e un proxector.
- **Aulas de Educación Infantil:** algunha aula ten un Pc moi antigo e pouco útil.
- **Sala de profes:** 3 postos de traballo para o profesorado, impresora láser, scanner e conexión en rede coa fotocopidora.

Na primeira planta:

- **Aulas de Educación Infantil, 2º e 3º ciclos:** un ordenador en cada clase, nuns casos PC e noutros portátil.
- **Aulas de 1º ciclo:** un portátil, altosfalantes, un proxector e pantalla dixital interactiva.
- **Aulas de apoio:** PT e AL: un ordenador con pantalla táctil en cada unha das aulas, impresoras cor e branco e negro.

Na segunda planta:

- **Aula de inglés:** dous portátiles, proxector, pantalla dixital interactiva con altosfalantes (Kit de Aula Dixital).
- **Aula de música:** utiliza un dos carros multimedia, que ten alí a súa base.

6.2. Planificación do seu uso:

A aula de informática continuará aberta a todo o centro, organizando un horario de uso dende principio de curso. Tentaremos tela actualizada e en bó uso para o que solicitaremos a axuda do profesorado que a use de xeito que, cando detecte algunha avería, deberá avisar ao encargado das TIC do centro, que tentará arranxalo na maior brevidade.

Estará tamén a disposición da ANPA para a realización de cursos de formación para as familias.

O resto do material común estará a disposición do profesorado, comunicando aos que cheguen novos ao centro as posibilidades coas que contan.

11.TIPO DE CONEXIÓN Á REDE.

A conexión á rede do centro é unha ADSL de 6 Megas. A velocidade real é difícil de ler para nós, aínda que segundo nos consta nalgún reporte de traballo de R, a empresa proveedora, a velocidade real de baixada é de 3900 kbps e de subida 508 Kbps.

12.DESCRICIÓN DAS TOMAS ELÉCTRICAS E DE DATOS.

No momento actual, o centro non conta coas instalacións precisas para a posta en marcha das aulas Abalar.

Acompañamos, xunto con este proxecto, un orzamento para a instalación necesaria, a cal **nos comprometemos** a realizar antes do inicio do curso 2012/2013, non só nas dúas aulas de

5º de Educación Primaria, senón nas de 6º, deixándoas preparadas para a continuación sen atrancos do Abalar.

13.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN INTERNA.

Antes da realización e presentación deste proxecto fixemos unha enquisa entre o profesorado na que, entre outros aspectos, se nos preguntaba sobre o que sabíamos e o que nos gustaría saber, o material co que contabamos e o uso que facemos del.

Cos datos obtidos e coas necesidades específicas do Abalar, se deseña a formación que precisamos e a que máis nos pode interesar. Consideramos esta enquisa como unha **avaliación inicial** do estado e implantación das TIC no centro.

En resumo podemos dicir, no relativo a material informático, que precisamos máis equipos para que tódalas aulas teñan polo menos un PC e que sería moito mellor ter as aulas cableadas. En canto á formación, a maioría do profesorado solicita máis formación no uso dos EDI, para sacarlle partido a tódalas súas posibilidades. Esta será unha actuación preferente.

O proceso avaliativo continuará ao longo do curso, sobre todo cando facemos as avaliación trimestrais en claustro. Nestes momentos presentaránse as conclusións relativas aos seguintes aspectos:

- Implantación do proxecto Abalar no 3º Ciclo (5º de Primaria).
- Grado de implicación do profesorado participante.
- Atención aos intereses e motivacións dos alumnos.
- Incidencia do uso das TIC na práctica docente.
- Presencia e incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.
- Incidencia da formación no profesorado. Calidade dos materiais producidos.

Cada avaliación servirá para reformar ou incidir nos aspectos que se vexan necesarios, polo que consideramos que será sempre unha avaliación continua, xa que este non é un proxecto para un só curso, senón que marcará o funcionamento do centro.

14. OUTRA INFORMACIÓN.

Presentado este proxecto no Claustro e no Consello Escolar, a aceptación é unánime, polo que o interese e o compromiso coa convocatoria en particular e pola innovación no eido educativo, pensamos que está clara.

En Vilagarcía de Arousa, 11 de abril de 2012.

BIBLIOGRAFÍA.

- (1) CABERO ALMENARA, J (2010): *Tecnología educativa*. Madrid. McGraw Hill, 222-223.
- (2) AL-LÉS, G (2010): *Las competencias básicas, puente entre el conocimiento y la vida* en BARBA, C.; CAPELLA, S.: *Ordenadores en las aulas*, Barcelona, editorial Graó, px 45.